

**COMENTARIOS DO ALUMNADO DE 4º ESO A: CURSO 2008-
2009**

Un bosque cheo de faias é un libro que me chamou moito a atención. A verdade é que é unha boa historia, baseada nun tema que agora, non sei porque razón, atopámolo día si e día non nas noticias, series e coma non, nos libros tamén. Ultimamente coméntanse temas parecidos ao que se trata no libro, o racismo, persoas inferiores, raza pura... pero non é so iso, non son só verbas, son accións, intolerancia. Persoas que unicamente buscan mellorar o seu día a día, traballar e vivir. Persoas que deben ter as mesmas nosas posibilidades e dereitos, sen ser desprazadas e explotadas, coma no caso de Nelson e do seu pai.

Neste libro, aparece moi ben reflectida a importancia que ten a amizade a estas idades, onde calquera acontecemento pode supor unha desconfianza ou unha das mellores alegrías. Os valores da amizade, os máis importantes. Coma demostran Antón, Alexandre e Manuel, que se enfrontan a eses abusos, a esa intolerancia, a esas inxustizas que sofre o seu amigo Nelson, sen medo, cunha valentía non propia de rapaces da nosa idade. Póñoome no caso e seguramente non sería quen de afrontar esa situación coma eles o fan. Unha historia chea tamén de misterio, de intriga, ir descubriendo paso a paso, capítulo a capítulo, as pistas que van levar á resolución final... A encontrar aos culpables, a demostrar quen é en realidade esas persoas que non respectan, que non saben respectar. Loita, equívocos, que darán lugar a un final máis que esperado, aínda que cunha certa intriga.

A verdade é que levar esta historia á perspectiva dun rapaz adolescente é algo complicado, coma tamén o é as respostas ás preguntas que se cuestiona ao longo da novela, que estou segura que moitos adultos non serían capaces de responder... Verdadeiras situacións de intolerancia, represión, terror e odio. Se non era quen de imaxinar unha situación así, este libro axudoume a pór na pel de cada un dos protagonistas e minimamente comprender os seus sentimentos ante tal situación. A verdade é que me gustou bastante, resultoume moi fácil de ler. E coma poucas veces, gustaríame que estas historias non saísen, soamente existisen nos libros, pero é algo imposíbel mentres sigamos a vivir nunha sociedade na que as desigualdades as marquemos nós mesmos. (MAR)

É un libro impactante; que mostra a peor cara da sociedade mundial. Unha cara que desafortunadamente está á orde do día; uso da violencia, desprezo a persoas que cren inferiores pola súa maneira de ser, a súa cor , ou por onde viven e traballan. Trátanse temas tamén, como a incomprensión entre pais e nais cos seus fillos "adolescentes", (que parece que isto comeza a converterse nun símil de rapaces ós que lles chove na cabeza), Alexandre non comprende a súa nai, nin o mozo da súa nai, non lle gusta que lle chame campión e tampouco lle gusta que a súa nai ande tan pendente del.

Un tema que tamén sae reflectido é o da amizade entre os amigos, a boa aceptación tamén por parte da panda de Alexandre, Antón e Manuel a Nelson. E o gran compañeirismo, amizade, comprensión, e fidelidade que hai entre eles. Alexandre non podía crer que Manuel fose dos malos, todas as probas apuntaban a que si, Alexandre co tempo, creu que Manuel no era bo tipo, pero o final descóbrese que ... A historia é moi interesante e case non podes parar de ler porque ao ser os capítulos tan curtos sabes que no seguinte vai pasar algo apaixonante. A personaxe é Alexandre, aínda que o que me chamou a atención é que o narrador ás veces esta fora da historia, narra en 3º persoa, outras veces é Alexandre o que ten a voz cantante, aínda que limitadas veces, pero este tipo de narrador dálle algo especial á historia que me gustou. As accións xiran ó redor da paliza que lle deu un grupo de neonazis a Nelson e o seu pai por se de cor. A partir disto Alexandre descubre ou ocorrésenlle posibles sospeitosos da brutal paliza. Rematan descubrindo que o ... é o cabecilla do grupo que lle deu unha tunda a Nelson e ó seu pai. Finalmente despois dunha gran escena de suspense, a policía detén ... O libro gustoume, é fácil de ler e moi entretido. Del podemos sacar moitas conclusións, como entender os pais, ollo de con que xente andas etc.... En fin que cada un saque a súa. (**JACOBO**)

Un bosque che de faias foi un libro realmente bo. Gustoume a forma de explicar as cousas cunha claridade ás veces extraordinaria, a forma de expresar tal e como é un problema que está dando moito do que falar na actualidade, como é o dos grupos racistas, os chamados neonazis. Impresionoume a forma de relatar os abusos que sofren un mozo, Nelson, e os seu pai pola simple razón de ser negros. Mostra con gran madurez como un grupo de amigos acolle nas súas entrañas a un "chaval" que sofre abusos por parte dun grupo racista, e estes amigos, en vez de lavarse a

mans como farían moitos, involúcranse cunha valentía pouco común, e comezan cunha loita pola liberdade para xente que como Nelson sofre día a día. Para isto, ata chegaron a desconfiar de un dos seus membros. Este feito fíxome pensar en como a sociedade está alerta, por así dicilo, xa que desde o meu punto de vista, case non se pode confiar en ninguén. O libro pareceume un pouco surrealista ao final, cando todo remata tan ben, porque penso que normalmente non é así. En conclusión, gustoume moitísimo, aínda que variaría un pouco o final para que se achegase máis á realidade, con todo encantoume e recoméndollo a todo o mundo. **(MARÍA)**

Un bosque cheo de faias é un dos mellores libros de misterio que teño lidos ata agora. Nel cóntase a historia de tres amigos, Antón, Manuel e Alexandre, os cales coñecen a un rapaz, chamado Nelson. Fanse moi amigos os catro e quedan todos xuntos no Grapas, o seu lugar de encontro de todas as fins de semana. Todo vai normal ata que a Nelson, por ser negro, uns nazis agrídeno xunto co seu pai, un médico da cidade. Os catro amigos tentarán descubrir cales foron os agresores, e, indagar demais, traeralles moitos problemas; poranse en contra uns dos outros e acabarán sendo descubertos polos nazis. Ao remate da historia, todo acaba ... A parte que máis me gustou, a verdade non foi unha en concreto; gustoume moito a parte do medio, na que se descubren parte dos enigmas sen resolver, e está chea de misterio e intriga. Pero tamén me gustou moito, e impactoume o final. Non imaxinei que podía acabar tan ben unha historia deste nivel, o certo é que nese aspecto paréceme un pouco surrealista, porque penso que nese "mundo", por desgraza, as cousas case nunca rematan así de ben.

A parte que menos me gustou foi, quizais, o principio na introdución porque sempre tende a ser menos interesante ao poñerte ao corrente das cousas. Pero aínda así valoraría a cun oito sobre dez. En xeral, gustoume moito o libro, e "enganchoume" de maneira que paraba de lelo para facer outra cousa e quedábame con moitísimas ganas de seguir, pero non quería que acabase nunca. Teño gañas dunha segunda parte!. O tema do que trata penso que é moi interesante e que todo o mundo debería estar ao corrente do que lles pasa a xente como Nelson, polo mero feito de ser doutra raza, e do que fan esas persoas chamadas nazis aínda que, como dixen antes, poucas destas historias rematan ben. Por último quería engadir que o léxico fai que o libro sexa moi doado de ler e é propio da nosa idade. **(ELENA)**

A verdade é que este libro me sorprendeu, cando o mandaron ler non pensaba para nada que este libro ía tratar deste tema, dos skinheads e da violencia ás persoas doutra cor de pel. Foi un libro que me gustou moito, non é coma os demais libros obrigatorios que eran obras máis coñecidas e que din que hai que ler un vez na vida polo menos pero este libro, aínda que non sexa tan famoso coma os outros dous tamén se debería de ler, pois explica moi ben o que sucede en todas as cidades e que moitas veces non nos damos conta, aparte contado dende a intriga e o misterio dun caso que hai que resolver.

Gustoume moito o tema do libro pois así podemos informarnos do que sucede e do mal que o pasan a xente que sofre estes abusos, abusos que poden, e moitas veces pasa, matalos, cousa que non é broma. Este tema non o vemos moitas veces porque non nos damos conta do que pasa pero é algo que temos que parar entre todos e poder ser o mais iguais e cos mesmos dereitos uns e outros procedendo do lugar que procedamos. A historia do libro gustoume moito, como van descubrindo todo e como se lle dá a volta á historia moitas veces pois ó principio pensan que o skin é ... despois ... e cando xa estás totalmente seguro de que os dous pertencen ao grupo se descubre que ... non ten nada que ver en todo iso e so foi toda coincidencia. Esa maneira de mesturar as cousas e facelo máis interesante gustoume pois tíñame intrigada por ver quen era de verdade skinhead e que ían facer os amigos.

Ademais o libro ao principio parecía demasiado obvio pois calquera sabía que Caride era un dos que mallaron en Nelson pero a medida que se vai desenrolando a historia vese que todo é máis complicado e aparecen cousas novas que antes non te decatabas. É un libro que polo menos a min gustoume moito e pareceume moi fácil de ler e recoméndolle a alguén que queira saber máis do tema que o lea e creo que lle gustaría moito. **(BLANCA)**.

Un bosque cheo de faias, para min é un dos libros máis interesantes de galego. Trata o tema dos nazis, e os racistas. Di que son unha raza superior, e que por ser estranxeiros as persoas son máis inferiores, pois non, ao pensar así son eles os inferiores, pero o que aínda non entendo é como pode haber xente así, mallando as persoas por ser negras. E respecto ao libro o que fixeron os amigos por axudar a Nelson, iso é ter moito valor e unha gran amizade, non todo o mundo faría iso. Despois eu xa supoñía que ... era un dos ..., ademais de que había moitas probas eles seguíanlle dando voltas. O libro engánchate porque cada vez vai descubrindo máis e máis cousas e moi interesante. Hai algunhas partes que me dan pena,

outras ira, e outras felicidade coma cando descubren que ... era dos malos, eu xa empezaba a dubidar, e ao final foi a parte máis interesante, porque e cando ameazan a Alexandre telefonicamente e cando este non sabe se bo ou malo. E ao final resólvese todo, e os outros van ao cárcere. O que non me gustou moito foi cando pensaron que ... era o malo, pero eu creo que todos pensamos o mesmo, eran demasiadas probas, aínda que despois foi todo unha ... Ao principio pareceume un pouco aburrido, xa que non ten case nada interesante, pero era necesario para plantear a historia. **(BÁRBARA)**

Un bosque cheo de faias foi un dos libros que máis me gustou este curso. Reflicte moi ben a discriminación que pasa un rapaz negro, Nelson e a súa familia, simplemente por ser negros. Tamén reflicte sobre todo as ideoloxías nazis. Outro aspecto é o valor da amizade entre Alexandre, Antón e Manuel e despois a amizade con Nelson. Xa que son rapaces coma calquera que se reúnen todos os fins de semana nun bar chamado o "Grapas" coma calquera adolescente, para xogar, beber, simplemente pasar o rato e a partires de que o bar cambia de dono, Caride, os rapaces van experimentando as consecuencias do nazismo. Cando o garito cambia de dono, Manuel vai a ser o único que comece a ter una certa " amizade" con el . Aínda que non pasa de saudarse, pero os amigos non o saben polo que comezan a sospeitar que Manuel é un deles, sobre todo Nelson, é aínda máis cando atoparon entre as súas cousas, cousas relacionadas cos nazis. Pero en verdade o que el facía era reunir probas que incriminasen os outros e así por axudar ao seu amigo.

Ao final os nazis decátanse que os rapaces saben de máis, polo que collen a ... e o levan a casa de ... , que esta só , xa que a súa nai e maillo noivo saíron a cear e os nazis iso xa o sabían. Atan aos rapaces para pegarlles pero ...

Outro aspecto do libro que me gustaría mencionar é a relación entre Alexandre e Miguel, o mozo da nai, xa que a Alexandre non lle cae moi ben aínda que non sabe o porque. A verdade este libro gustoume moito, é moi interesante e reflicte moi ben as ideoloxías nazis. **(ANDREA)**

Todos os días pasan cousas horribles no mundo: mortes, guerras, fame... Pero ás veces non nos paramos a pensar porque sucede todo isto, quen son os verdadeiros culpables. O paro, as crises económicas, os enfrontamentos raciais, son temas que están no noso día a día e que a nosa sociedade intenta cubrir, quitándolle importancia quizais para non ter que enfrontarse a eles. As diferentes ideoloxías que se sitúan no campo da política permítennos apostar polo que cremos, dannos liberdade de

expresión, elixir como queremos que vaia o noso futuro. Sempre haberá posturas coas que estes de acordo e outras que sexan totalmente opostas a ti, pero dende o respecto. Aínda que todo ten o seu punto máximo, non podemos permitir que unha ideoloxía non permita vivir a persoas libremente porque non están de acordo co que pensan, porque teñen unha relixión ou porque non pertencen á mesma raza. A nosa liberdade está limitada xusto no lugar onde empeza a liberdade do noso compañeiro.

Creo que á ideoloxía fascista non se lle dá a importancia que tería que ter, pensamos que son casos illados, pero hai partidos que baixo o seu manto de respecto a democracia se atopa unha ideoloxía totalmente nazi. Equipos de fútbol teñen entre os seus seguidores "skinheads", persoas que darían incluso a súa vida por defender unha ideoloxía racista, incompatible con esta sociedade avanzada e moderna que apoia a igualdade. Por iso, estes grupos deberían desaparecer, ser ilegais porque nada pode xustificar unha paliza, unha morte ou un acoso tan só polos motivos que lles queren inculcar.

O libro en si, non está mal, esperábame algo máis a verdade, e paréceme demasiado surrealista, se todo iso acontecera no mundo real, Nelson e o seu pai e Manuel e Alexandre estarían, por desgraza, mortos. Lin varios libros e vin películas relacionadas con este tema e ningunha tivo un final feliz ata este?, por iso creo que debería ser máis realista, porque necesitamos saber que este tipo de sucesos non soen ter un final feliz. Os textos escritos por Caride reflicten o pensamento destes grupos extremistas. Cheo de odio cara todo tipo de persoa diferente a eles. O libro Salienta valores como a amizade ou a loita contra as inxustizas, tamén as dificultades que comezan coa adolescencia e con aceptar os nosos erros. Espero que co tempo, a sociedade avance e sexa tamén posíbel aceptar todos os erros que cometemos ó longo da historia. O pasado non se pode esquecer, pero cando é erróneo, cando soamente provocou sufrimento, debemos loitar porque esa historia non se repita, porque non podemos volver cara atrás, debemos avanzar. Pode que sexa un bo libro, para concienciar a persoas que non saben nada sobre o tema que abarca, ademais é sinxelo para ler aínda que en todo momento, polo menos a min mo pareceu, sábese que ... non é a persoa causante da agresión, simplemente porque... (**SARA T**)

Un bosque cheo de faias é un libro de misterio e intriga que trata uns problemas que por desgraza se dan na actualidade, o racismo e a discriminación por ser simplemente doutra raza, algo que a min me parece de "animais" xa que todos somos iguais. O libro gustoume moito xa que conforme o ía lendo íame enganándome máis e máis ata o punto que

cando tiña que facer outra cousa morría por seguir lendo. É un libro de doada comprensión xa que ten un léxico con pouca dificultade e ademais lese dunha patada. A parte que máis me gustou foi o final, por suposto por que todo remata ben, aínda que isto non ocorra na realidade por desgraza, onde case nunca hai finais felices, por iso o final paréceme surrealista. A parte que menos me gustou foi o principio como me soe ocorrer con todos os libros, xa que o principio é como unha introdución para que logo se desenrole toda a historia e se plantexen os enigmas. O valor da amizade está moi presente xa que Alexandre, Manuel e Antón aceptan a Nelson (un mozo Senegalés que chega aquí xunto co seu pai). Estes dous sofren por parte dun grupo de nazis unha paliza por ser de cor negra. Entón os tres amigos involucráranse "a tope" para destapar os nazis ata chegar a o punto de que os nazis están a punto de matar a Alexandre e Manuel. Isto demostra unha gran valentía por parte deles, algo que eu penso que agora é moi difícil de atopar, uns amigos tan valentes dispostos a facer todo o posible por ti e xogarse ata a súa propia vida.

En conclusión, recomendaría este libro a todas as persoas pero en especial ás da nosa idade para que se dean conta, ao igual que eu tamén me din, de que a amizade é algo moi importante que hai que coidar e que hai que loitar para que estas discriminacións se acaben. (**MARÍA P**)

Cando comecei a ler este libro pensei, polo título, que trataría posiblemente dunha historia de adolescentes e que se desenvolvería nun bosque, poboado destas árbores tan típicas da nosa terra como son as faias, pero nada máis lonxe da realidade. A historia comeza como calquera outra, cun grupo de amigos que se senten moi unidos entre eles. O autor dános un pequeno apunte cando se incorpora un cuarto amigo, neste caso de cor, e que eles o admiten no grupo sen ningún tipo de problema, como ten que ser.

A cousa se complica cando xorde un grupo de xente con ideas extremas, como son os neonazis. Entón o autor nos introduce neste mundo dándonos toda unha serie de detalles: como pensan, como actúan... A min, como supoño que ao resto dos meus compañeiros, púxoseme a pel de galiña cando relata a forma de como maltratan a Nelson e ao seu pai, diante da xente, e que ninguén faga nada para impedilo. Isto é algo que vemos case todos os días só ao prender a televisión ou ao escoitar a radio e que, por desgraza, vai aumentando paulatinamente sen que as autoridades fagan algo ao respecto. Nunca lera nada deste autor, Francisco Castro, e debo dicir que a maneira que ten de narrar e o contido desta novela, francamente encantoume, pois ten os seus momentos de intriga e tamén hai momentos nos que consegue que nos sintamos impotentes lendo a

forma na que se desenvolven os feitos. O que máis me doe é que normalmente os libros son ficticios, pero neste caso, son feitos que están ocorrendo en moitas partes do noso planeta e que levan a que persoas inocentes teñan que pagar polas enfermidades mentais dalgunhas outras. **(SARA TR)**

Cando me dixeron que tiña que ler este libro, pareceume un verdadeiro aburrimiento, pensei que sería como algúns dos voluntarios, unha panda de rapaces que buscan aventuras ou algo polo estilo, pero o que nunca pensei é que tratase dun tema tan actual como é o dos skins. Cada vez hai máis mozos que cren que esta ideoloxía é a correcta e creo que quen lea este libro pode cambiar a súa opinión ou quizás poden estar de acordo, eu polo menos non. Aínda así o libro encantoume e pareceume moi interesante.

O libro trata dunha panda de amigos Manuel, Antón e Alexandre que integran sen ningún problema a un rapaz de cor, chamado Nelsón. Resulta que estes se reúnen todas as fins de semana no Grapas, pero ó cambiar de dono (Caride), comézanse a marcar máis as diferenzas. Ó pouco tempo a Nelsón e ó seu pai (médico), uns skin danlles unha paliza e é aí cando os amigos comezan a buscar os presuntos culpables da paliza. Foi un traballo duro, no que ata chegan a sospeitar de Manuel, xa que cren que se converteu nun skin coma Caride, aínda que todo iso son suposicións deles, porque o único que Manuel estaba a facer era buscar probas que axudaran a resolver o misterio. Pareceume increíble a valentía coa que a panda afronta o feito, xa que creo que cando pasa iso na realidade, poucos intégranse como o fan eles. Por iso creo que neste libro vese a verdadeira amizade. A parte na que os nazis intentan darlles unha paliza, creo que foi unha das máis escalofrantes, pensar que estiveron a punto de mallar neles, se non chega a ser pola nai de Alexandre e polo noivo desta. Aínda que cando maltrataban a Nelson ou a seu pai tampouco é que se quedara corta. A verdade é que todo o libro impresionoume, estou ó corrente da ideoloxía dos nazis, pero nunca había lido unha historia baseada só niso. O malo de toda esta historia é o final, non mo esperaba, por unha parte estivo ben, pero por outra creo que na realidade case nunca acaba ben, e se o libro acabase doutra forma, ó mellor concienciaba a xente a facer algo. Outro tema é que é un libro que verdadeiramente te engancha. Non puideron parar de lelo ata rematalo, xa que tiña necesidade de saber que ía pasar. Resumindo, gustoume e recoméndoo. **(ALEJANDRA)**

É un libro moi chamativo que trata dun tema que nos últimos anos se leva á orde do día, unha historia bastante preta da realidade senón real da

nosa sociedade actual, tanto no tema da adolescencia. Cada vez con máis frecuencia aparecen na nosa sociedade e cada vez máis nas nosas idades grupos Neonazis como os do libro. O valor e a importancia da amizade, da tolerancia, da honestidade resáltanse neste libro reflectidos nos amigos de Nelson e moitos outros que actualmente pasan por eses problemas... Estes temas Nazis para min teñen un algo especial, coma un morbo polo Nazismo que me atrae a saber todo sobre eles, actuacións, intereses, maneiras e sobretodo non acabo de entender por que o fan. A parte disto a aventura pola que pasan os nosos protagonistas, a intriga, e o misterio que pódese apreciar danlle un toque moi doado. Ademais o suspense nalgúns momentos como cando actúan os ultras fan que o lector póñase na pel dos protagonistas pasando por eles ese suspense e intriga. As pistas e resolucións destas levarannos ata un final que queres que chegue dende o principio. Se digo a verdade, co título pensei que ía ser un libro moi aburrido de tema de elfos nun bosque ou algo polo estilo. Pero antes de pormo a ler, lin unha especie de comentario nunha páxina web que alentaba a lelo. En resumo, pareceume un libro moi ben escrito e cunha historia e temática fascinante. (**PEDRO**)

A verdade é que non imaxinaba que o libro ía ser así. Polo título imaxineime de todo menos isto, coma a típica historia de nenos que descubren algo nun bosque ou algo así. É un libro que conta unha historia moi impactante e paréceme moi ben que nos obriguen a ler libros coma este porque nos presentan o que de verdade está a pasar na actualidade, temas como a discriminación, racismo... que o temos cada día presente e moitas veces non nos damos conta, ou non lle damos a suficiente importancia. Nesta historia presentan as cousas tal e como son, sen rodeos, e paréceme xenial. O valor da amizade está moi presente nesta historia como son os amigos de Nelson: Manuel, Antón e Alexandre que afrontan os problemas de Nelson por parte dos grupos nazis coma se foran deles, sen pudores. A verdade é que hai que ter moitísima valentía para enfrontarse a esta clase de xente, pero neste caso é moi necesario, porque ninguén ten o dereito de arruinarlle a vida a ninguén polo simple feito de ter distinta cor que os demais. Tamén o libro presenta intriga, tensión, e desconfianza xa que os amigos de Nelson empezaron a desconfiar do seu propio amigo Manuel porque pesaran que volverase coma Caride, que menos mal que ... O libro cando comecei non me gustara moito pero logo, deime de conta que xa pasara o tempo e que lera unhas 60 páxinas de golpe polo que este libro

engancha moitísimo. En canto ao final penso que podería estar moito mellor porque non sei, penso que a maior parte das veces en casos da vida real coma estes, non acabaría así, pareceume moi pouco crible. É un libro moi interesante recoméndoo a toda a xente e teño que dicir que non se pode vulgar un libro polo seu título porque quen nos ía dicir que o título *Un bosque cheo de faias* íanos achegar a historias tan interesantes coma estas. **(CRISTINA)**

Un bosque cheo de faias ofrécenos unha historia dura pero tristemente real centrada na violencia neonazi. O protagonista é Alexandre un rapaz de catorce anos ,que lle gusta ir cos seus dous amigos a un garito pouco coñecido chamado grapas. Un día chega un rapaz novo ao grupo que é negro. Isto non dificulta a relación co que chegan a ser moi bos amigos en pouco tempo. Pero un día o pai de Nelson (o rapaz negro) e Nelson son atacados por uns neonazis que po pouco os matan. Alexandre queda moi sorprendido e cheo de carraxe co que se dedica a pensar quen poderían ser os posibles culpables. Venlle á cabeza o dono do bar que frecuentaban. Ao final descobre ,xunto con Manuel, que ... Nelson atopa, nuns apuntamentos de Manuel, uns escritos nazis escritos por el. Isto fainos dudar. Para rematar os nazis atacan a Manuel e a Alexandre e estes l... Esta historia gustoume moito e pareceume moi interesante, xa que reflexa unha realidade que esta a orde do día. A violencia con que tratan a Nelson está compaxinada coa verdadeira amizade que lle brindan os tres rapaces. Isto pareceume moi fermoso, como os seus amigos arriscaron o que facía falla para axudar ao seu amigo. Aí é onde se ven os verdadeiros amigos, e os amigos da historia o eran de verdade. O que máis me chamou a atención foi os sentimentos que sentía Alexandre, como se pasaba o día cavilando. O racismo é o tema principal do libro e non só cara os de outra raza senón tamén contra homosexuais, mulleres etc. Isto non debería de suceder nunca xa que todos somos iguais. En conclusión, foi un dos libros que máis me gustou ata agora pola súa intriga e os temas que trata. **(SARA M)**

Sen dúbida, é o mellor libro obrigatorio de galego que teño lido dende hai moito tempo. Ó principio non parecía prometer moito, pero rematou por converterse nunha historia que, aínda sendo de poucos personaxes, tivo un desenrolo moi bo e interesante.

Antes de entrar no argumento, debo destacar o sinxelo, o cómodo que é lelo, xa que apenas ten descrições, e as que aparecen non son longas e aburridas nin por asomo, senón que resultan breves e non dan ganas de poñerse a facer outra cousa pola pereza que dá lelas, como ocorre en moitas outras obras. O autor ten unha maneira de escribir sinxela e eficaz que mantén ó lector pegado ó libro, un estilo sen moitos artificios que me pareceu ideal para os meus gustos. Ademais, as preguntas retóricas que se fan os propios personaxes a si mesmos despois de cada liña de pensamento tamén están ben postas, pois fan recordar dunha maneira ou outra que sempre quedan dúbidas no que os personaxes matinan, que nunca está todo claro.

Tamén ten unha narrativa desde un punto de vista non demasiado frecuente: en terceira persoa, pero seguindo sempre ó mesmo personaxe, o protagonista, Aleixandre, e facendo coñecer o que pensa en cada momento de maneira que consegue unha mestura entre primeira e terceira persoa, xa que cos outros personaxes non pasa isto, só amosa o que se ve deles desde fóra ou o que din. En canto á historia, como dixeron ó principio, cando se comeza a ler o libro semella a típica novela de familia con problemas cun fillo, unha nai divorciada e "un novo pai". Por sorte, non resultou ser iso. Cando aparece Nelson, o mozo senegalés, xa non tiña claro de que podería ir o libro. "Quizais o típico de aventuras entre catro amiguiños", pensei. Ó aparecer o dono do bar e dicir o de "Quen é este?" souben que se abordaría o tema do racismo. E ó final a novela resultou tornarse interesante, cuns atacantes misteriosos que golpearon a Nelson e mailo seu pai.

O problema aquí, e se repite algunha vez máis durante a obra, é que a cousa é demasiado predicible. Non se tarda en deducir antes de que ninguén da historia diga nada que Caride ... fora un dos nazis que foron a polo pai e o fillo. Sen embargo, a partir de aquí é onde o libro comezou de verdade a gustarme, coa "investigación" que fan Manuel e Aleixandre en segredo para Antón e Nelson, os riscos que corren e o que se vai descubriendo, coma os libros de temática nazi que tiña gardados Caride na mochila, xunto co puño americano e outras cousas. O que pasa é que o home é ben estúpido, porque non é normal deixar algo así á vista, e máis se non estás pendente, porque como a alguén se lle ocorra fisgar pódennlle pillar. Ese detalle "sorprendeume" no mal sentido, non esperaba que lles puxesen as probas tan en bandexa. Máis adiante, cando Nelson chama a Aleixandre para ensinarlle o que descubriu el, souben pola súa seriedade

que o que ía aparecer non era o mesmo de antes sobre Caride. A cada folio fascista que lían pensaba que en calquera momento aparecería o que me temía: que eran de ... A partir de aquí o libro segue cunha trama máis ou menos entretida, pero o máis destacable ó meu parecer é o que comentei arriba.

Ao final, por desgraza, é demasiado predicible e cheo de "coincidencias milagrosas", para que todo saia de maneira que todos se enteiren de que. Sinceramente, esta última parte non me gustou, pero quitando o desenlace, o resto do libro é decente.

En canto ós personaxes, podo dicir que o meu favorito foi Manuel con moita diferenza. É a cabeza pensante do grupo, o de sangue frío, o que pode manexar a situación por adversa que sexa. Ademais, desde máis ou menos a metade da obra é o personaxe que máis misterios esconde arredor del. Gustáronme, por exemplo, o roubo da mochila e o disimulo posterior cando Caride lles preguntou se viron a alguén roubándoa. Cando se revela a "auténtica" faceta de Manuel a historia vólvese moito máis interesante, porque se lle das algunhas voltas podes mirar ó revés todo o sucedido anteriormente, coma se fose todo o plan contra Caride unha trampa organizada entre Manuel e o propio taberneiro, e comezan a cobrar sentido cousas como que eses dous se levasen tan ben. Ó final vese que non era iso o que sucedía co rapaz e que seguiu buscando probas el só.

Pola outra banda, Aleixandre é un personaxe que non aturo. É inmaturo, covarde e non ten nin idea de nada. É o prototipo de protagonista aborrecido polo lector, o que se sente inferior ós seus compañeiros, o que sempre está tremendo de medo ante un risco, o que non se da conta da súa propia incapacidade e págao coa nai berrándolle por todo e crendo que toda a culpa é dela cando xa bastante fai a muller aturándoo. Pareceume patético cando Nelson lle mostrou evidencias de que Manuel era un nazi e negouse rotundamente a aceptar esa nova realidade que se lle amosaba ata o punto de non querer volver a falar nin con Nelson nin con Antón. Independentemente de que ó final ... non fose "o malo da película", foi un comportamento increíblemente infantil e odioso. Logo, hai outros coma Antón que non teñen moito que ofrecer á historia porque son moi planos, personaxes estereotipo (rapaz perdido polas mozas que saca sempre malas notas, obsesionado cos móbiles, o fútbol e saír a beber). De feito, nin sequera sae no desenlace de maneira directa; proba de máis do innecesario que resulta ser na obra. Caride é outro que non me gusta pola estupidez

extrema que comentei arriba e porque o personaxe en si tampouco é que ofrezca moito. Nelson si ten un papel máis importante e me pareceu o segundo máis maduro do grupo.

En xeral, un bo libro. Trata bastantes temas da xuventude e outros de maior gravidade como o racismo e as agresións, e o autor sabe levar a acción de maneira que deixe sempre ó que o le coas ganas de saber o que ocorrerá na páxina seguinte. Gustaríame que en próximos anos nos mandasen ler outras obras deste escritor. **(GONZALO)**

Gustoume moitísimo! Un dos mellores libros de galego que levo lidos ata agora, xa era tempo de poñer argumentos máis realistas e sobre temas tan interesantes. Chamoume moito a atención, porque este tema é moi actual ultimamente, todas as series de televisión co asunto dos nazis. Penso que aprendín moitísimo, sobre todo cos folios que resultaron ser de Caride, sobre esta xente. Sempre escoitara falar deles, pero non tiña tan claro como agora todo o que pretenden ou pensan. Tamén está moi presente o tema do racismo, con Nelson e o seu pai neste caso. É un libro de algo de intriga, que Caride fose un nazi era bastante predicible, pero coma comentei con algunha compañeira, eu pensei desde o primeiro momento coma Alexandre, que Manuel tamén estaba no alfo despois de atopar eses folios, a cabeza rapada, as mentiras, a amizade que tiña desde o principio con Caride, etc. Leveime unha gran sorpresa a medida que descubríñ ao final, que non era certo, enganárame por completo! O final foi o peor, pareceume que despois de toda a trama do libro, xa que é durante todo o tempo o mesmo, a busc de probas e resolver aos culpables da malladura de Nelson e do pai, como pode acabar tan rapidamente en poucas páxinas e xuntando demasiadas casualidades. É bastante mala a última parte. Sorprendeume como empeza a historia, cuns amigos que "acollen" no seu grupo a un rapaz de cor, e que ao final desconfíen dun dos tres amigos de toda a vida, Manuel, por culpa de Nelson. Non sei, penso que se me vise nese caso, non desconfiaría dun amigo de toda a vida, por moitas probas que houbese. O personaxe de Alexandre foi o que máis me gustou, como vai cambiando a súa personalidade ao longo da historia, dándose conta da súa timidez en todo momento, e como remata con valentía enfrontándose aos nazis. O que máis me gusta é a narración en terceira persoa, de Alexandre e os seus

pensamentos e as perguntas que se fai durante todo o tempo.
Resultoume entretido e levadeiro, recoméndoo. (**SARA A**)
